



**mocidade
coruña**



**ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL
BOLETÍN SEMANAL DO 17 AO 23 DE XANEIRO_2022**

BOLETÍN SEMANAL DE CONVO- CATORIAS

ACTIVIDADES, BOLSAS, CONCURSOS...



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**



ACTIVIDADES

13/02/2022 (Inscripcións: ata o 06/02/2022)

XIV Media Maratón Coruña21

O Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizan a XIV Media Maratón Coruña21, cunha distancia homologada de 21.097,50 metros.

[+INFO](#)



Do 19/01/2022 ata o 30/06/2022

Ciclo de literatura "Somos o que lemos"

Regresa á Fundación Seoane "Somos o que lemos", o ciclo de encontros coordinados por Javier Pintor que achegan ao público as novidades literarias máis destacadas do panorama nacional da man dos seus autores, que falarán dos seus procesos creativos e das súas obras nunha serie de presentacións de acceso libre. A primeira sesión será o 19 de xaneiro con Leticia Costas.

[+INFO](#)



Somos o que
LEMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

20/01/2022

Ciclo EDUCACIÓN S. XXI: conferencia de Rafael Guerrero

Afundación acolle unha nova conferencia do ciclo EDUCACIÓN S. XXI, esta vez a cargo de Rafael Guerrero baixo o título "Neurobioloxía do estrés na relación profesorado-alumnado", na que o psicólogo explicará os mecanismos que se alteran no noso organismo ante situacións estresantes nas aulas. Esta actividade está enmarcada na iniciativa "Cultura por alimentos", en colaboración con FESBAL.

[+INFO](#)





ACTIVIDADES

27/01/2022

Seminario informativo sobre Voluntariado Europeo

A Fundación Paideia organiza un novo seminario informativo para explicar en que consiste o programa de Voluntario Europeo, un proxecto de voluntariado enmarcado dentro do Corpo Europeo de Solidaridade. As persoas asistentes poderán ademais plantexar preguntas e aclarar dúbidas.

[**+INFO**](#)



27/01/2022

A poeta analfabeta

O Teatro Colón proxecta o filme documental “A poeta analfabeta” que retrata a unha muller fascinante: Luz Fandiño. Os convites pódense retirar na web Ataquilla.com.

[**+INFO**](#)



28/01/2022

Helena Salgueiro: Come and go. Dramática No 121-127

O Teatro Colón presenta unha versión dun dos textos menos coñecidos do dramaturgo irlandés Samuel Beckett, “Come and Go”. A representación será de balde e o acceso con convite.

[**+INFO**](#)





ACTIVIDADES

Do 28/01/2022 ata o 18/06/2022

Ciclo Principal, primavera 2022

Volve ao Teatro Rosalía de Castro o ciclo Principal na súa edición de primavera, unha completa programación con 13 destacadas obras teatrais a nivel galego e nacional.

[+INFO](#)



29/01/2022

Noites de Retranca

Voltan as Noites de retranca en xaneiro ao Teatro Colón, nesta ocasión con Luis Zahera, Manuel Manquiña e Víctor Fábregas.

[+INFO](#)



Ata o 16/02/2022

Olladas da animación coruñesa 2021/22

Profesionais do cinema de animación compartirán espazo expositivo con máis de 150 escolares coruñeses na Casa Museo Picasso.

[+INFO](#)





BOLSAS E AXUDAS

Inscripcións: ata o 31/10/2022

Axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación convoca axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, para o ano 2022.



[+INFO](#)




CONCURSOS E PREMIOS

Inscripcións: ata o 15/02/2022

Concurso de vídeos e relatos curtos para sensibilizar contra o estigma asociado á enfermidade mental

A Fundación Española de Psiquiatría e Saúde Mental convoca un Concurso de vídeos e relatos curtos para sensibilizar contra o estigma asociado á enfermidade mental.

[**+INFO**](#)



Inscripcións: ata o 18/02/2022

IV Concurso de Curtas 'A mocidade ante o 8M'

O Departamento Confederal de Mocidade-USO, en colaboración coa Secretaría de Formación Sindical e Igualdade, convoca a 4ª edición do concurso de curtas: A mocidade ante o 8M. As curtas presentadas tratarán sobre temas relacionados con micromachismos, feminismo, teito de cristal, igualdade de oportunidades... ou baixo a idea "A mocidade ante o 8M".

[**+INFO**](#)



Inscripcións: ata o 28/02/2022

XXVIII Concurso Nacional de Contos 'José Manuel Álvarez Gil'

O Colexio Patrocinio San José convoca o XXVIII Concurso Nacional de Contos "José Manuel Álvarez Gil" destinado a alumnado de centros educativos.

[**+INFO**](#)





CONCURSOS E PREMIOS

Inscripcións: ata o 28/02/2022

VII Premio Teatro Breve 'Miguel Hernández' 2021

O Foro Social de Orihuela e o Teatro Expresión de Orihuela convocan a sétima edición do premio de Teatro Breve "Miguel Hernández". A temática do concurso é libre e valorarase a calidade dramática, a innovación e a orixinalidade.

[**+INFO**](#)



Inscripcións: ata o 01/03/2022

Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol 2022

A concellería de Cultura do Concello de Ferrol organiza o XXXII Concurso Internacional de Piano, que se desenvolverá entre o 28 de abril e o 7 de maio no Teatro Jofre e no Auditorio de Ferrol.

[**+INFO**](#)




Inscripcións: ata o 15/04/2022

Concurso de Poesía 2022 O Facho

A Agrupación Cultural O Facho convoca unha nova edición do seu concurso de Poesía.

[**+INFO**](#)





CURSOS

Do 20/01/2022 ata o 07/04/2022

Obradoiro de literatura "Historias de familia"

A Fundación Luis Seoane organiza o obradoiro de literatura coordinado por Javier Pintor "Historias de familia", no que se comentarán unha selección de grandes novelas que abordan a complexidade das relacións familiares. O 20 de xaneiro arrancar o ciclo coa presentación "Como se constrúe unha historia familiar. Virtudes e misterios" por Xesús Fraga, Premio Nacional de Narrativa 2021.

[**+INFO**](#)



Do 04/02/2022 ata o 12/02/2022

(Inscripcións: ata o 02/02/2022)

Curso de Primeiros Auxilios

O Centro de Formación Cruz Vermella da Coruña organiza un curso para obter os coñecementos básicos sobre Primeiros Auxilios, abarcando o mantemento do soporte vital básico e breves nocións sobre a atención a persoas enfermas ou accidentadas.

[**+INFO**](#)



Do 29/01/2022 ata o 04/06/2022

Curso de monitor/a de tempo libre (sábados)

A Escola Galega de Tempo Libre organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre intensivo os sábados e en modalidade mixta, presencial e online, que terá lugar nos locais da Parroquia San Luis Gonzaga da Coruña.

[**+INFO**](#)





CURSOS

Do 12/02/2022 ata o 28/05/2022

Director/a de Tempo Libre en Mera (sábados)

A Escola Galega de Tempo Libre organiza o curso de director/a de tempo libre, o cal se levará a cabo de maneira en liña a través da plataforma MEET, excepto 50h que serán presenciais. A formación impartirase en Serantes (Mera- Oleiros).

[+INFO](#)



Do 29/01/2022 ata o 12/06/2022
(Inscripcións: ata o 25/01/2022)

Director/a de Tempo Libre en Cambre

A Escola Scout Insignia de Madeira convoca un curso de Director de Actividades de Tempo Libre. A formación levarase a cabo en Cambre (A Coruña).

[+INFO](#)



Do 26/01/2022 ata o 30/03/2022

Curso de Confección Básico

A Escola Marcelo Macías impartirá o Curso de Confección Básico de 20 horas de duración que se impartirá os mércores de 18 a 20 h.

[+INFO](#)



Do 26/01/2022 ata o 04/02/2022

Deseña o teu proxecto educativo con Scratch (1ª Edición)

Formación gratuíta, aberta e en liña do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (Ministerio de Educación e Formación Profesional).

[+INFO](#)



VARIOS

Inscrición: do 31/01/2022 ao 11/02/2022

Probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade convoca as Probas de acceso aos Ciclos Superiores de Formación Profesional para o ano 2022.

[+INFO](#)



Inscrición: do 03/03/2022 ata o 16/03/2022

Probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade convoca a proba de acceso aos CM de Formación Profesional en Galicia para o ano 2022.

[+INFO](#)



Entre xaneiro e xullo de 2022 (con diferentes datas para cada programación)

Protexe 2021-2022

A Asociación Participa para a Inclusión, a Residencia Rialta e a Fundación M^a José Jove únense no programa Protexe, que pretende promover a participación da mocidade en proxectos sociais, achegándose á realidade de 3 experiencias educativas en África, América do Sur e Asia a través dunha exposición fotográfica, tres cursos en liña gratuítos sobre cooperación e tres conferencias en liña con cooperantes.

[+INFO](#)



CONTACTO

Servizos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Espazo de Información Xuvenil Fórum Metropolitano

Rúa Río Monelos, 1. 15006 A Coruña
Tel.: 981 184 294

Espazo de Información Xuvenil Centro Ágora

Lugar Gramela 17. 15011 A Coruña
Tel.: 981 189 888 (ext. 34324 / 34325)

Espazo de Información Xuvenil Centro Cívico Cidade Vella

Rúa de Veeduría, 2. 15001 A Coruña
Tel.: 981189 885 (ext. 10803 / 10804)



606 362 366



cmix@coruna.gal



coruna.gal/informacionxuvenil



**mocidade
coruña**



Facebook

[coruna.gal/informacionxuenil](https://www.coruna.gal/informacionxuenil)



Twitter